



Resolución do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se sinala a data para o pagamento dos prezos xustos polas imposicións de servidumes de paso para a execución do proxecto denominado LMTS BAL705, CTC Saa-Beade, no Concello de Vigo, do que ten a condición de beneficiaria da expropiación a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A.. IN407A 2023/078-4

O Xurado de Expropiación de Galicia notificou aos interesados, á empresa beneficiaria da expropiación e a esta directora territorial os acordos que determinan os prezos xustos polo establecemento das servidumes de paso nas fincas que se citan na relación que se anexa.

De acordo có establecido nos artigos 48.1 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, e 48.2 e 49 do seu regulamento aprobado mediante decreto de 26 de abril de 1957, resolvo sinalar o día 9 de maio de 2025, ás 13 horas, na casa do Concello de Vigo (Axencia de Urbanismo) como lugar de convocatoria para o pagamento dos prezos xustos das fincas situadas nese concello.

A este acto deberá concorrer o Sr. Alcalde, o Secretario do concello, o representante deste Departamento Territorial e o representante da empresa beneficiaria da expropiación. Os expropiados recibirán unha liquidación detallada do pagamento e farase constar nunha acta as persoas que concorran e as incidencias producidas.

Esta resolución será comunicada ao alcalde do Concello de Vigo para a súa publicación no taboleiro de anuncios da casa do concello, e notificada individualmente aos afectados.

A directora territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

| Nº | Referencia catastral | Titular |
|----|----------------------|-----------------------------------|
| 1 | 54057A111000240000BY | Victor Barros Pérez |
| 2 | 54057A111000250000BG | Juana Fenández Rodriguez e outros |

